

III Xornada Galega de Custodia do Territorio



Asociación Galega de
Custodia do Territorio



rede galega
de custodia
do territorio



DEPUTACIÓN
DE LUGO

TERRAS
DO MIÑO LUGO
RESERVA DA BIOSFERA

III Xornada Galega de Custodia do Territorio

A xornada Galega de Custodia do Territorio é un punto de encontro entre as entidades que traballan en custodia do territorio en Galicia, así como un foro aberto a outros axentes sociais e económicos vinculados dunha ou outra forma a esta estratexia de conservación.

A III Xornada Galega de Custodia do Territorio celebrarase en Lugo o 1 de xuño do 2024, incluíndose dentro do acordo de custodia do territorio asinado entre a AGCT e a Deputación de Lugo para a conservación, investigación e divulgación da natureza nas Insuas do Miño e Ollos de Begonte e na Reserva da Biosfera de Terras do Miño.

Obxectivos

Os principais obxectivos desta xornada son os seguintes:

- Expoñer os avances acadados a nivel estatal de importancia para a conservación da natureza e a custodia do territorio en Galicia.
- Poñer en valor as iniciativas de colaboración publico-privada para a conservación da natureza.
- Visibilizar as iniciativas de custodia a nivel galego.
- Reflexionar sobre a necesidade dunha rede autonómica de custodia do territorio funcional, identificar algunhas necesidades actuais do movemento e acordar os pasos para abordalas nos dous próximos anos.

Programa da III Xornada Galega de Custodia do Territorio

Detallamos a continuación o esquema provisional do programa da III Xornada Galega de Custodia do Territorio.

Sesión de mañá: Salón de Actos do Pazo de San Marcos da Deputación de Lugo (Lugo).

- 10:00. Presentación da xornada.
- 10:15. Bloque I – Avances a nivel estatal de interese para a CdT en Galicia.
- 11:30. O acordo de CdT para a xestión das Insuas do Miño e Ollos de Begonte.
- 12:00. Pausa – café.
- 12:30. Bloque II – Mapeo de iniciativas galegas de CdT: Que aporta o teu proxecto? Que tipo de acordo tes? Con quen traballas? Que superficie abarcas? Cales son os teus obxectivos de conservación?

Sesión de tarde: Casa das Insuas (Rábade).

- 14:00. Xantar de traballo.
- 15:30. Café – presentación doutras entidades.
- 16:30. Bloque III – Rede Galega. Liñas de traballo en común.
- 18:00. Paseo polas Insuas do Miño.
- 20:00. Peche da xornada.